



# O polémico e fecundo diálogo entre a teoloxía e a ecoloxía<sup>1</sup>

---

Jaime Tatay<sup>2</sup>

## 1.- Introducción

O termo ecoloxía (de *oikos*, casa, e *logos*, saber), acuñado en 1866 por Ernst Haeckel (1834-1919), é un neoloxismo que remite a unha disciplina académica relativamente nova cun marcado carácter interdisciplinario e unha vocación holística. Pero a ecoloxía non é só unha área de coñecemento das ciencias naturais, é tamén unha proposta política que trata de articular respostas sociais a cuestións globais inimaxinábeis para as xeracións anteriores, como a destrución da capa de ozono, a extinción masiva de especies, a acidificación dos océanos, o esgotamento de múltiples recursos naturais ou o quecemento global.

Luc Ferry afirmou en *El nuevo orden ecológico* que a pretensión sistémica do ecoloxismo faille ser unha das poucas alternativas ao humanismo moderno e, quizais, o único movemento contemporáneo que, tras a crise das utopías do século XX, pretende fundamentar unha escatoloxía política<sup>3</sup>. En *El Pensamiento ecológico*, o filósofo ambiental Tim Morton sostén que a ecoloxía é, sobre todo,

---

1 Este artigo foi publicado na revista *Estudios Eclesiásticos*, vol. 95, núm. 373, xuño 2020, coa que *Encrucillada* mantén un intercambio de publicacións.

2 Jaime Tatay, SJ, estudou na ETSIM-UdL (Enxeñería de Montes) no Boston College (Social Ethics) e na Universidade Pontificia Comillas (Doutoramento en Teoloxía). Actualmente imparte cursos sobre sustentabilidade, ética e teoloxía na U. Pontificia Comillas. É co-director da Cátedra Hana e Francisco José Ayala de Ciencia, Tecnoloxía e Relixión.

3 Cfr. LUC FERRY. *El nuevo orden ecológico. El árbol, el animal y el hombre*. Barcelona: Tusquets, 1994, 23-27.